

PLAN LECTOR TAMBRE

ALA DELTA



Unha vida de ra

Rafael Laso Lorenzo

Ilustracións
Rodrigo Chao

antes da lectura

1 Observa a cuberta e contesta.



Recoñeces o animal da cuberta? Que animal é?

De que cor é e que é o que leva na cabeza?

Quen pensas que pode ser o protagonista desta historia?

Cal imaxinas que pode ser o argumento da obra?

2 **Responde** as seguintes preguntas.

Sabes onde viven as ras? Víchelas no seu hábitat?

As ras son animais vertebrados ou invertebrados? Que clase de animal é unha ra?

3 **Describe** ese hábitat.

4 **Le** a contracuberta e **explica**.

Quen é o autor do libro e de onde é?

Que é un ilustrador? Quen é o ilustrador deste libro?

Es falangueiro ou reservado?

Que calidade excepcional ten o protagonista deste relato?

durante a lectura

- 1 **Sinala** os verbos deste exercicio que non teñen que ver coa linguaxe oral.

contar debuxar departir falar charlar parolar
escribir conversar latricar narrar chiar explicar

- 2 **Completa** este texto engadindo as palabras que faltan.

conto cantora planta cacholiña
perruca idioma estranxeiro mundo resabida poza

O _____ era que aquela ra, a ra _____ ,
procuraba na auga da _____ onde moraba,
unha _____ cunha folla moi fina que puña enri-
ba da súa _____ ao xeito dunha _____ .
E daquela cantaba e cantaba nun _____
_____ que ninguén entendía. Só ela, pois, ao parecer,
era unha ra con moito _____ e moi _____ .

- 3 **Resolve** a palabra que agocha o criptograma.

| | | | | | | | | | |
|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| A ₁ | B ₂ | C ₃ | D ₄ | E ₅ | F ₆ | G ₇ | H ₈ | I ₉ | L ₁₀ |
| M ₁₁ | N ₁₂ | Ñ ₁₃ | O ₁₄ | P ₁₅ | Q ₁₆ | R ₁₇ | S ₁₈ | T ₁₉ | U ₂₀ |
| | | | V ₂₁ | X ₂₂ | Z ₂₃ | | | | |

— — — T — — —
15 9 12 5 7 1

Pista: Anfibio de cor negra con manchas amarelas.

- 4 **Sinala** se estes animais son peixes, anfibios, réptiles, mamíferos ou aves.

| | Peixe | Anfibio | Ave | Mamífero | Réptil |
|-----------|-------|---------|-----|----------|--------|
| Ra | | | | | |
| Tartaruga | | | | | |
| Troita | | | | | |
| Vaca | | | | | |
| Píntega | | | | | |
| Andoriña | | | | | |
| Crocodilo | | | | | |

- 5 **Responde** estas preguntas.

Que lles acontece ás ras que beben auga de máis?

Que grupos musicais aparecen na historia?

Que instrumento toca a Ra Cantora?

Que estilo musical era o seu?

durante a lectura

- 6 **Responde** estas preguntas.

Que é o *Libro Guinness dos Récorde*s?

Sabes dalgunha iniciativa que conseguira bater algunha das súas marcas?

- 7 **Define** o que é un logotipo e debuxa un.



- 8 **Sinala** cinco substantivos e cinco verbos neste texto.

E aquel debuxo da ra tocando a súa guitarra espallouse por toda a bisbarra: en camisetas de manga curta, en cartóns para pousar os vasos, en adhesivos que os rapaces pegaban nas carpetas da escola, e mesmo nos debuxos das máscaras que as xentes preparaban para o Entroido na vila.

Substantivos: _____

Verbos: _____

- 9 **Inventa** un produto imaxinario, **tenta** facerlle unha campaña e **crea** o teu propio lema.

- 10 **Relaciona** as seguintes palabras co seu significado.


| | |
|-------------|---|
| Padornelo | Espazo ocupado por especies animais ou vexetais. |
| cabicha | Monte alto de Galicia situado en Lugo. |
| miñato | Ave de rapina diúrna da orde dos accipiteriformes. |
| hibernación | Extremo dun cigarro que queda sen fumar. |
| vaidoso | Estado de sono no que certos animais pasan o inverno. |
| biótopo | Que ten unha estima esaxerada de si mesmo. |

- 11 **Sinala** cales son as tres cousas que non precisa un pescantín para ir coller troitas ou ras nos ríos.

| | | |
|----------------|----------------------|---------------------|
| o engado | a tanza | un cesto de vimbios |
| un tirarrollas | dúas canas | un fío negro |
| unhas tesoiras | a mantenza | o pelexo de ra |
| unha lanterna | unha media de muller | unha folla |

durante a lectura

- 1 **Observa** e **atopa** as sete diferenzas que existen entre as dúas imaxes.



- 2 **Subliña** os substantivos que atopas no texto e **escríbeos** debaixo.

Pois este home sempre traía a mantenza na cesta metida nunha bolsa de plástico. Uns anacos de pan centeo, chourizo e xamón da casa e unha botella de viño. Isto lémbreme algo que me contou unha parente miña que vive tamén preto desta vila, nunha zona que lle chaman O Mato. Díxome que viu a este pescantín indo cun cativo, sobriño del, e que, vindo un trebón, se agocharon os dous baixo dunha ponte na compañía doutro pescantín de ras ao que chamaban Gavacho.

3 **Completa** os espazos para formar palabras.

E__TRAN__EIRO __U__ADA E__PERTO
P__SCA__TÍN EN__A__O __AN__A
TRE__ÓN __IN__ELO SUPE__FI__IE
__E__TEO AP__EI__AR ES__EL__O
CHOU__I__O ES__ARAR PE__E__O

4 **Descubre** as palabras encadeadas e **escríbeas**.

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | O | B | R | A | V | E | N | T | U | R | A |
| L | B | I | N | A | G | O | C | H | A | R | E |
| N | A | R | T | E | X | Q | U | I | S | I | T |
| O | C | U | L | T | A | R | A | P | A | C | E |
| S | A | B | U | G | U | E | I | R | O | P | I |
| N | I | O | N | | | | | | | | |

5 **Indica** se os seguintes enunciados son verdadeiros ou falsos.

- As ras levan camiño de ser inmortais.
- A causa principal da morte das ras son os pescantíns.
- Os cágados saltan moi lonxe e propúlsanse coas ancas.
- Os crocodilos son animais vertebrados e anfibios.
- As ras mudan a pel unha vez ao ano.
- Un tribunal de ras anciás ponlles nome ás ras.
- As ras están moi saborosas con xamón e chourizo.
- As ras poñen catro ovos.

durante a lectura

6 **Transforma** os verbos en substantivos e adxectivos e **completa**.

| Verbos | Substantivos | Adxectivos |
|------------|--------------|-------------|
| cicatrizar | cicatriz | cicatrizada |
| agochar | | |
| cortar | | |
| pescar | | |
| nadar | | |
| perigar | | |
| vivir | | |

7 **Responde** as seguintes preguntas.

Podes describir o pescantín famoso que pillaba moitas ras?

Que precisas para pescar, cal é o procedemento, cantas cousas necesitas?

Quen lles pon nome ás ras?

Como se chama a protagonista da nosa historia? Ten apelidos?

Como se reproducen as ras?

8 Explica o significado das seguintes palabras.

Lóstrego: _____

Luzada: _____

Tanza: _____

Vimbio: _____

Pelexo: _____

Espadana: _____

9 Completa con «b» e «v» o seguinte texto.

As co__ras son moi renartes e enganadoras.__ixían constantemente os nosos mo__ementos agochadas entre espadanas e as follas que hai na auga, para despois erguerse silandeiramente,__otarse enri__a de nós e paparnos dun__ocado. E a causa artificial máis principal da nosa morte son os pescantíns. Unha__ez que mordemos o engado, cando o temos pillado entre os dentiños (si as rás temos unha especie de dentiños pequenos) non somos quen de soltalo se o pillamos__en. Daquela saímos__oando coma se fósemos nun a__ión e rematamos na man do pescantín.

durante a lectura

1 **Atopa** oito palabras agochadas no barullo de letras.



2 **Observa** a ilustración do relato e **explica** a escena.



3 **Responde** estas preguntas.

Que outro anfibio ten ancas como a ra pero non salta tan lonxe?

Que organizan todos os anos as ras do relato?

Cales son os principais predadores das ras?

Que historia lle lía moitas veces o avó de Chimpón?

Como morreu Saltarica?

Quen é Cantarotti?

4 **Completa** estas palabras con «gu» ou «g» segundo corresponda.

EN__ADO

DESE__IDO

A__OCHAR

A__ANTAR

CÁ__ADO

PÍNTE__A

EN__ANADORA

ES__ELLO

__ITARRA

CHE__A

PERI__O

__STAN

durante a lectura

- 5 **Busca** no dicionario as seguintes palabras e **fai** unha oración con cada unha.

Metamorfose: _____

• _____

Cágado: _____

• _____

Anuros: _____

• _____

Branquia: _____

• _____

Cínife: _____

• _____

Urodelos: _____

• _____

6 Refai o texto sen faltas de ortografía.

Polas miñas palabras, poderedes apreciar que estou namorada del: a berdade é que si, pero teño que facerme ha interesante, que unha tamén ten a súa balía. Iso si, o día que me cante *O sole mío* con esa boz que ten, caso con el sen duvidalo. Harestora igual estades rindo de min. Pois bale, facédeo, xa vos ocorrerá a calquera de bos. Pásalle ha todo o mundo, sexa ome ou muller... Ou pensades que heu non sei que cantarotti tamén papa os bentos por min? Se cando esta cantando e me halbisca ao lonxe, xa se lle deshincha o peito e perde a boz!

7 Imaxina que Ramona se deixa coller e escapa do cesto de vimbios do pescantín a algunha vila galega. **Continúa** o conto.

durante a lectura

8 Pon en singular o seguinte texto.

Os sapos non nos gustan. Aínda que son moi parecidos a nós, teñen unha cabeza e uns corpos grandes, son gordos e levan uns andares pachorrentos. Queredes que vos diga unhas cousas? Para min que son un pouco calaceiros (ou lacazáns, por se non entendedes ben este meu xeito de falar pero é que nas zonas onde vivo dise desta maneira).

9 Fai oracións coas seguintes palabras.

| | | | |
|---------|------------|---------|--------|
| lacazán | fachendosa | amodo | chimpo |
| medrar | cágado | anfíbio | morea |

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

10 **Ordena** numericamente os seguintes feitos.

- Damos chimpos e saltos, primeiro pequeniños e acompañadas dos nosos pais e despois soas.
- Sendo cágados vivimos nas beiras das pozas.
- As ras nacemos coma poliños, pois saímos dos ovos.
- Unha vez que perdemos o rabo xa temos patiñas dianteiras.
- Os ovos están sempre xuntos e van medrando pouco a pouco.

11 **Explica** o significado das seguintes expresións.

Mirar de esguello: _____

A moreas: _____

Ser un cacho de pan: _____

Apandar con algo: _____

Papar os ventos: _____

Ter uso de razón: _____

despois da lectura

- 1 **Responde** estas preguntas.

Que é o que máis che gustou das aventuras da ra Ramona?

Dos personaxes do relato cal é o teu favorito?

- 2 **Inventa** un novo título para o libro.

- 3 **Deseña** unha nova portada para o libro.



- 4 **Separa** en sílabas as seguintes palabras:

| | |
|------------------|-------------------|
| artificial _____ | chimpón _____ |
| segredo _____ | preparación _____ |
| treito _____ | noite _____ |
| saímos _____ | pescantín _____ |
| número _____ | zoolóxico _____ |

5 **Responde** estas preguntas.

Se ti foses unha ra, que nome pensas que che porían polas túas calidades físicas ou polas túas capacidades?

Que pensas que nos diferencia os seres humanos dos animais?

6 **Reflexiona** sobre o medio e **escribe** catro factores que poden influír na contaminación da auga. **Explica** como podemos contribuír nós para non contaminar o medio.

1. _____

2. _____

3. _____

4. _____

despois da lectura

7 **Relaciona** contidos.

Os anfibios

Teñen ósos.

Reprodúcense por ovos.

Viven na auga.

Son animais vertebrados.

...branquias externas e rabo.

A súa pel é...

...polos pulmóns e pola pel.

Os exemplares adultos
respiran...

...húmida e lisa.

Os exemplares novos teñen...

Son ovíparos.

8 **Imaxina** que es a ra Cantora que vive no zoo de Madrid e **escríbelle** unha carta a Ramona convidándoa para facer unha visita.

9 **Responde** estas preguntas.

Que medios de comunicación coñeces ademais dos xornais?

Como se chaman os profesionais que se dedican á prensa?

E os que transmiten as noticias na radio?

Todo o que sae na televisión é verdade?

Debemos facerlle caso sempre á publicidade ou pensas que é para que compremos máis?


Liches algunha vez un periódico? E unha revista?

Cales son os anuncios da televisión que máis che gustan?

10 **Elabora** unha noticia sobre un concerto da ra Cantora.


despois da lectura

11 **Ordena** cronoloxicamente as escenas.



12 **Indica**, se soubeses tocar un instrumento, a canción que che gustaría interpretar.

13 **Debúxate** tocando un instrumento.



A large dashed rectangular box for drawing.

ficha de lectura



Título da obra: _____

Autor ou autora: _____

Colección: _____

Serie: _____

Editorial: _____

Número de páxinas: _____

■ O protagonista principal é: _____

■ Descrición do personaxe principal: _____

Argumento

O _____ trata dunha _____ que posúe unha característica singular: sabe _____. Ela vai ir contándonos como é que viven os da súa especie, cales son os _____ que as perseguen, como se _____, cales son as súas calidades e como matan o tempo para non aburrirse. Conta como a _____ se fixo famosa tocando a _____ e acabou no _____ de Madrid. Explicaranos como os _____ pillan ras nas _____ e o coidado que debe poñer para que non lles corten a _____, dos demais predadores: os _____ e as _____. Tamén nos falará da ra _____ e a súa sorte. De como un _____ de ras _____ lles pon nome. A ra _____ contará ademais como todos os anos organizan un concurso de _____ a modo de _____ e dos seus gañadores, da ra _____ e do famoso _____.

Tamén explicará a diferenza entre elas e os _____ e, por último, desvelaranos como é a súa aparencia e o como _____ bebe os ventos por ela.

A túa opinión persoal

- Que é o que máis e o que menos che gustou?

- Gústache o final? Explica por que.

- Que é o que aprendiches dos anfibios?

- Valoración do libro: 1 2 3 4 5

- Recomendaríaslles o libro aos teus amigos? Explica por que.

Data da lectura: _____ Sinatura: _____